

# Polo gozo da lectura

## Mestría do relato oral

MARGA ROMERO

Este libro non podería ter un título mellor, *Luz de Tebra*, evocador e de múltiples significados que se agochan debaixo dunha palabra, *tebra*, cuxa pronuncia nos aprende o que a xente moradora do Baixo Miño sabe de sempre, ou, polo menos, desde que Ánxel Vázquez de la Cruz o sabe: “Luz de Tebra era a denominación popular daquela luz esmorecida, derivado do lugar de onde viña a corrente: o val de Tebra. A luz de tebra era, ademais dun oxímoro magnífico, unha non menos espléndida metáfora daqueles anos da posguerra”.

*Luz de Tebra*: fantásticos relatos nos que se domina con mestría a técnica do relato oral, nos que o acontecer das cousas se vai des-

leando en pequenas luciñas até a claridade total, neses remate contundentes, herdeiros da mellor tradición. Obra primeira, e de madurez, de quen domina o oficio de contar.

Divídese a obra en catro partes que se corresponden con catro idades do contador, con catro cidades amadas: Tui, Santiago, Vigo e A Coruña. Desde estes espazos, préndenos a sorte das perso-

xas que os converten en marabillosos; personaxes que moran para sempre na memoria da fronteira. Un libro, entón, que nos conduce polo gozo da lectura, divertido e fermoso, e no que tamén aprendemos: “In nulle re credas nunquam nimis”.

VÁZQUEZ DE LA CRUZ, Ánxel, *Luz de Tebra*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP.15, 80 €

